CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE LOBEIRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO ACTUACIÓNS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS

Reunidos

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024 , do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Por outra parte, Antonio Iglesias Álvarez, alcalde do Concello de Lobeira, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen os artigos 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que exercen, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

Expoñen

Primeiro. A Constitución Española sinala no seu artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Seguindo este mandato constitucional, cómpre impulsar políticas públicas de cooperación interadministrativa, en especial no mantemento dos servizos públicos de carácter local que teñen un impacto directo na calidade de vida das persoas.

Segundo. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en diante, Lalga), recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Asemade, o actual contexto de control do gasto público no que se desenvolve a actuación do conxunto das administracións obriga a activar medidas tendentes á xestión eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de garantir a prestación de servizos á cidadanía en condicións de calidade e igualdade.

Terceiro. Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lalga, figuran as de cooperación e colaboración, mediante subvencións eventuais ou continuas, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscrición de convenios.

Neste mesmo senso, o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: cr3AKMyXoFj7 https://sede.xunta.gal/cve

Cuarto. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Pola súa vez, o artigo 29 do devandito decreto determina que a Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado da xestión das competencias atribuídas á Xunta de Galicia en materia de administración local e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións destinadas a elas.

Quinto. Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 80 e 81 da Lalga, os concellos deben prestar á cidadanía os servizos públicos necesarios para satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, para o que resulta preciso que dispoñan das infraestruturas e dos equipamentos adecuados.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten entre os seus obxectivos promover un desenvolvemento equilibrado do territorio galego, tanto do medio rural como do urbano e tanto do interior como da faixa costeira, favorecendo o progreso económico do conxunto do territorio e unhas óptimas condicións de vida para a cidadanía galega, con independencia do seu lugar de residencia. Neste marco, resulta fundamental apoiar os concellos na prestación dos servizos públicos municipais, dada a súa condición de Administración máis próxima á cidadanía.

Así, o obxectivo común das administracións públicas é mellorar o funcionamento dos servizos e das infraestruturas municipais, de maneira que os concellos dispoñan dos medios necesarios para prestar servizos públicos de calidade á veciñanza, con independencia do seu lugar de residencia. A consecución deste obxectivo contribúe a facilitar o adecuado exercicio das competencias atribuídas ás entidades locais e a garantir a sustentabilidade e a continuidade na prestación dos servizos públicos municipais, ao tempo que favorece un desenvolvemento territorial máis equilibrado e unhas condicións de vida adecuadas para o conxunto da cidadanía galega.

Sexto. Desde o punto de vista orzamentario, no proxecto 2026 00149 existe un saldo de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia, apoiando aquelas actuacións de creación e/ou mellora de infraestruturas e subministracións destinadas a procurar unha adecuada prestación dos servizos públicos municipais.

Sétimo. O Concello de Lobeira manifestou a necesidade extraordinaria e urxente de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para acometer o proxecto denominado Actuacións de mellora da eficiencia enerxética para a prestación de servizos municipais que ten como obxecto mellorar a eficiencia enerxética nas infraestruturas e equipamentos vinculados á prestación dos servizos municipais, que presentan danos funcionais con incidencia na continuidade do servizo prestado.

A solicitude fundaméntase na necesidade de responder de contado ante a situación na que se encontra a rede de luz pública nos núcleos de poboación das Conchas, Ermille e Tedós, nas que o estado actual das instalacións de alumeado público, con signos evidentes de deterioro, comporta un risco crecente para a seguridade das persoas usuarias das vías públicas e do persoal municipal encargado do seu mantemento, así como unha ineficiencia enerxética e económica que se agrava co paso do tempo. Demorar a intervención a unha futura convocatoria en réxime de concorrencia competitiva suporía non só prolongar unha situación de risco para a seguridade viaria e persoal, senón tamén asumir un incremento progresivo dos custos de reparación e mantemento derivado do desgaste continuado dos elementos existentes, o que resulta incompatible cos principios de eficiencia e boa xestión dos fondos públicos que deben presidir a actuación administrativa.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: cr3AKMyXoFj7 https://sede.xunta.gal/cve

Por outra banda, no relativo á adquisición dun vehículo eléctrico para a brigada de vías e obras, a urxencia responde á necesidade de garantir a continuidade e a correcta prestación dun servizo de interese público esencial como é o mantemento e a conservación das infraestruturas e vías municipais, cuxa execución non pode quedar condicionada aos prazos ordinarios dun procedemento de concorrencia competitiva sen menoscabo da operatividade da propia brigada. A falta de intervención inmediata nesta dotación podería derivar en danos materiais e funcionais adicionais, así como nunha sensible limitación da capacidade de resposta do servizo ante as necesidades correntes do municipio.

A necesidade da colaboración solicitada á Consellería acentúase pola confluencia doutros factores. Por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á que poida acollerse este proxecto nin se prevé nas próximas datas.

Por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario de control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Lobeira de afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións imprescindibles para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados; así mesmo correspóndese con actuacións financiables con cargo ao proxecto orzamentario 2026 00149.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polo concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Lobeira.

Oitavo. Conforme co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas do Concello de Lobeira, co fin de que esta entidade local poida mellorar as infraestruturas vinculadas á prestación dos servizos municipais, de maneira que poida exercer con normalidade as funcións que ten encomendadas e prestar á veciñanza os servizos públicos da súa competencia.

Noveno. O Concello de Lobeira cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Así mesmo, acreditou o cumprimento do deber de remisión da conta xeral do exercicio 2024 ao Consello de Contas de Galicia.

Décimo. A achega económica da Xunta de Galicia farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 05.04.141A.760.2 (CP 2026 00149) na que existe crédito adecuado e suficiente.

Décimo primeiro. Con base en todo o anterior, co fin de materializar a colaboración antes descrita e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Lobeira acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: cr3AKMyXoFj7 https://sede.xunta.gal/cve

Cláusulas

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Lobeira para a execución do proxecto denominado Actuacións de mellora da eficiencia enerxética para a prestación de servizos municipais , cun orzamento total de 76.876,02 € (IVE incluído), integrado polas actuacións recollidas nos proxectos que a seguir se relacionan, cuxos orzamentos se xuntan como anexo I a este convenio e do cal forman parte:

Actuación	Orzamento (€)
Obras de mellora da rede de luz pública nos núcleos das Conchas, Ermille e Tedós, segundo a memoria técnica valorada redactada polo enxeñeiro de minas e enerxía, José Luís González Sánchez en febreiro de 2026	48.395,04
Adquisición dun vehículo eléctrico para o servizo de vías e obras do concello	28.480,98
TOTAL (€)	**76.876,02**

Segunda. Obrigas do concello

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do Concello de Lobeira:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban á execución do proxecto para o cal se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. Achegar o cofinanciamento necesario para a total execución do proxecto subvencionado.
4. Tramitar o expediente de contratación conforme á normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas; será o concello contratante o responsable directo das consecuencias que poidan derivar dos incumprimentos.
5. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
6. Reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, se é o caso, xunto cos xuros de demora que correspondan, de conformidade co procedemento establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de concorrer algunha das causas de reintegro previstas na normativa de aplicación e, en particular, na cláusula décima deste convenio.
7. Destinar os bens ao fin concreto para o cal se concede a subvención durante un período mínimo de cinco anos, e reintegrar as cantidades percibidas no caso de incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre antes de transcorridos cinco anos do seu remate, unha modificación que afecte a natureza do investimento.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: cr3AKMyXoFj7 https://sede.xunta.gal/cve

8. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

9. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e o artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

10. Subministrarlle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes toda a información que se lle requira en materia de transparencia, de acordo co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

11. Colaborar e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como someterse ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e ás xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

Terceira. Obrigas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

1. A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, cooperará na realización da actuación á que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración, mediante a achega máxima de SETENTA E CINCO MIL EUROS (75.000,00 € €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.04.141A.760.2 (CP 2026 00149) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026.

   Este importe representa o 97,56 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

2. No caso de que o custo do investimento efectivamente realizado sexa inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta circunstancia non implique unha execución deficiente do proxecto no seu conxunto, procederá a redución proporcional da contía da subvención, de maneira que se manteña a porcentaxe da axuda respecto do custo total do investimento efectivamente realizado.

3. A Dirección Xeral de Administración Local (en diante, a DXAL) será o órgano competente para a xestión e instrución da subvención instrumentada mediante este convenio, e corresponderalle realizar as actuacións administrativas que procedan para a súa execución, seguimento, xustificación e, de ser o caso, reintegro, sen prexuízo das competencias atribuídas á Secretaría Xeral Técnica para resolver, de conformidade co previsto na estrutura orgánica da consellería e na orde de delegación de competencias.

Cuarta. Gastos subvencionables

Son subvencionables ao abeiro deste convenio os gastos en que incorra o concello para a execución das actuacións que constitúen o obxecto do proxecto subvencionado, incluídos aqueles que se efectuasen con anterioridade á sinatura deste, sempre que correspondan ao actual exercicio económico e teñan natureza de investimento.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: cr3AKMyXoFj7 https://sede.xunta.gal/cve

Quinta. Publicidade dos convenios subvencionados

A entidade beneficiaria deberá dar publicidade do financiamento das obras mediante a colocación dun cartel publicitario en cada un dos tres núcleos, que estará instalado durante a execución das actuacións, no modelo que se incorpora no anexo II a este convenio, no cal consta expresamente o financiamento da Xunta de Galicia de acordo coa imaxe corporativa oficial

Asemade, a entidade beneficiaria deberá incluír na rotulación do vehículo o financiamento da Xunta de Galicia de acordo coa imaxe corporativa oficial, no modelo que se incorpora no anexo II a este convenio, sen prexuízo de que o beneficiario incorpore o seu propio escudo e a indicación do servizo ao cal estará afectado o dito vehículo..

Sexta. Conta xustificativa

1. Para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, o Concello de Lobeira deberá acreditar a execución do proxecto subvencionado mediante a presentación da seguinte documentación:

   a) Facturas e, no caso de obras, as correspondentes certificacións con relación valorada e tramitadas conforme o procedemento que rexe para a Administración local.

   b) Documentos xustificativos das transferencias bancarias correspondentes aos pagamentos dos investimentos subvencionados. Os xustificantes das transferencias bancarias estarán debidamente identificados e selados pola entidade bancaria, agás que o pagamento se realice mediante banca electrónica.

   c) Declaración responsable asinada electronicamente pola persoa representante da entidade beneficiaria, en que se faga constar:

      – O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar de contado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

      – Que o concello non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

        Para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade beneficiaria está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro.

      – Data de colocación dos carteis publicitarios previstos na cláusula quinta.

   d) Certificación emitida e asinada electronicamente pola persoa secretaria do concello beneficiario, na cal se faga constar:

      – O acordo de aprobación polo órgano competente do concello beneficiario dos documentos acreditativos dos gastos e dos pagamentos, no cal conste que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención.

      – Que, segundo informe da intervención municipal, se tomou razón na contabilidade dos gastos correspondentes á execución do proxecto subvencionado.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: cr3AKMyXoFj7 https://sede.xunta.gal/cve

- Que, segundo informe da secretaría do concello, na tramitación e contratación das obras e/ou subministracións se cumpriu a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas.

e) En cumprimento das obrigas de publicidade establecidas neste convenio deberán achegar ademais:

- Fotografías do lugar ou lugares onde se efectuasen as actuacións, tomadas antes, durante e con posterioridade á súa realización. A presentación das fotografías farase de xeito que permita identificar os lugares e o momento da execución a que correspondan.
- Fotografías dos carteis de obra, segundo o modelo do anexo II deste convenio, colocados nun sitio visible no lugar das actuacións.
- Fotografías do vehículo nas cales se aprecie a rotulación coa publicidade do financiamento da Xunta de Galicia, segundo o modelo do anexo II deste convenio

f) Nos supostos en que sexa esixible, a entidade beneficiaria deberá presentar:

- Documento acreditativo da publicación do anuncio da licitación do contrato por calquera dos medios establecidos no artigo 347 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
- Copia compulsada da resolución de adxudicación da obra e/ou subministración, onde quede acreditado que a elección entre as ofertas se realizou con base en criterios fundados na mellor relación-calidade prezo ou, nos supostos permitidos pola lei, nun único criterio relacionado cos custos.

2. Á vista da documentación xustificativa presentada polo concello beneficiario, a DXAL expedirá, de ser o caso, unha certificación acreditativa do cumprimento das obrigas e condicións establecidas neste convenio, así como dos prazos establecidos para a súa execución e xustificación. Como órgano xestor, poderá requirir a documentación adicional que resulte necesaria para a correcta comprobación e verificación da subvención.

3. O prazo para a execución das actuacións e para o pagamento dos gastos subvencionados finalizará o 30 de decembro de 2026. O prazo para a presentación da documentación xustificativa por parte do concello beneficiario finalizará o 31 de xaneiro de 2027.

4. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará o reintegro da subvención, sen prexuízo das demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia e do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Sétima. Comprobación material do investimento

1. Unha vez recibida a documentación xustificativa, a DXAL procederá á comprobación material do investimento, co obxecto de verificar a correcta execución das actuacións subvencionadas, do cal quedará constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada por unha persoa representante da Administración e pola persoa representante da entidade beneficiaria.

   De acordo co previsto no artigo 30.2 da Lei de subvencións de Galicia, a comprobación poderá realizarse a través da Delegación Territorial da Xunta de Galicia que corresponda.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: cr3AKMyXoFj7 https://sede.xunta.gal/cve

2. Excepcionalmente, poderase substituír esta comprobación por unha xustificación documental que constate de forma razoable e suficiente a realización da actividade subvencionada.

Oitava. Subcontratación parcial ou total

1. Para a execución do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio o Concello de Lobeira poderá subcontratar parcial ou totalmente o investimento subvencionado, salvo que o impida a súa natureza. En ningún caso poderán subcontratarse actuacións ou partidas que, aumentando o custo do proxecto subvencionado, non acheguen valor engadido ao seu contido.

   Os contratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución do proxecto subvencionado fronte á Administración concedente.

2. A contratación das actuacións obxecto da subvención será realizada pola entidade beneficiaria de conformidade coa normativa vixente en materia de contratación do sector público e, en particular, coa normativa aplicable ás entidades locais. A entidade beneficiaria será responsable dos incumprimentos en que poida incorrer no exercicio desta competencia e das consecuencias que deles se deriven.

3. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, a entidade beneficiaria deberá acreditar, xunto coa documentación xustificativa da subvención, a publicación do anuncio da licitación do contrato por calquera dos medios establecidos no artigo 347 da devandita lei.

   Para os efectos do establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a solicitude de tres ofertas entenderase cumprida coa publicidade da licitación, ao quedar garantida a competencia en tal suposto.

   Tamén deberá achegar a resolución de adxudicación da obra e/ou subministración, na cal se xustifique que a elección entre as ofertas presentadas se realizou con base en criterios de adxudicación fundados na mellor relación-calidade prezo ou, nos supostos permitidos pola lei, nun único criterio relacionado cos custos.

Novena. Pagamento anticipado da subvención

1. De conformidade co artigo 3.2 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e para os efectos do establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, considerarase gasto realizado aquel que fose efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria dentro do prazo establecido na cláusula sexta deste convenio para a execución das actuacións e o pagamento dos gastos correspondentes.

2. Ao abeiro do previsto no artigo 63.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, realizarase o libramento anticipado do 100 % do importe da subvención a favor do concello beneficiario, como financiamento necesario para a execución das actuacións subvencionadas, que se fará efectivo unha vez asinado o convenio.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: cr3AKMyXoFj7 https://sede.xunta.gal/cve

3. Para estes efectos, a entidade beneficiaria da subvención instrumentada mediante este convenio está exonerada da constitución de garantías, de conformidade co establecido no artigo 65.4.c) do citado Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Décima. Reintegro da subvención

1. Ademais das demais causas de reintegro previstas na normativa aplicable, procederá o reintegro da subvención, xunto cos xuros de demora correspondentes, de conformidade co procedemento establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nos seguintes supostos:

   a) Incumprimento, total ou parcial, das obrigas asumidas polo beneficiario en relación coa correcta execución das actuacións subvencionadas de conformidade co establecido neste convenio ou no proxecto subvencionado.

   b) Non executar, dentro do prazo fixado neste convenio, as actuacións que integran o seu obxecto e fundamentan a concesión da subvención.

   c) Non presentar a documentación xustificativa dentro do prazo e nos termos establecidos neste convenio e na demais normativa de aplicación, presentar unha xustificación incompleta ou insuficiente ou presentar documentación xustificativa con deficiencias non emendables.

   d) Incumprimento da normativa aplicable á entidade local beneficiaria na execución e, en particular, na contratación das actuacións que constitúen o obxecto da subvención.

   e) Incumprimento das obrigas de publicidade establecidas na cláusula quinta.

   f) Incumprimento da obriga de destinar os bens subvencionados ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante un período mínimo de cinco anos, así como a modificación, durante ese período, que afecte á natureza do investimento e determine a perda do destino para o que foi concedida a axuda.

   g) Incumprimento das obrigas que corresponden á entidade local beneficiaria, recollidas na cláusula segunda deste convenio, ou de calquera outra das previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na demais normativa de aplicación.

   h) Concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e nas disposicións concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

   i) Alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención ou obtención da subvención sen reunir os requisitos establecidos para iso, nos termos previstos na normativa de aplicación.

   j) Obtención dun exceso de financiamento respecto do custo efectivo das actuacións subvencionadas, cando este derive dun custo final inferior ao inicialmente previsto. Neste caso, o importe da subvención reducirase na proporción establecida na cláusula terceira deste convenio e procederá o reintegro do exceso percibido.

   k) Exceso de financiamento respecto do custo das actuacións subvencionadas cando o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo das actuacións subvencionadas, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. O reintegro será total ou parcial segundo o incumprimento afecte á totalidade ou a parte das actuacións que integran o obxecto deste convenio e fundamentan a concesión da subvención.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: cr3AKMyXoFj7 https://sede.xunta.gal/cve

Décimo primeira. Devolución voluntaria da subvención

1. De acordo co establecido no artigo 64 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, con anterioridade ao requirimento previo da Administración, a entidade beneficiaria poderá realizar a devolución total ou parcial da subvención concedida.
2. Esta devolución se efectuará mediante ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia que corresponda, segundo o disposto na normativa reguladora do procedemento de recadación, e o importe incluirá os xuros de demora, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
3. A entidade beneficiaria deberá presentar, ante o órgano concedente, copia xustificada da devolución voluntaria realizada na que conste a data do ingreso, o seu importe e o número de expediente e a denominación da subvención concedida.

Décimo segunda. Compatibilidade con outras subvencións

Conforme ao disposto no artigo 40.1.d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos destinados á mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Porén o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, en ningún caso poderá superar o custo do proxecto subvencionado.

Décimo terceira. Modificación do convenio

1. As modificacións deste convenio deberán formalizarse mediante acordo expreso e escrito das partes asinantes, a través da correspondente addenda, de conformidade cos trámites establecidos na normativa de aplicación.
2. No caso da subvención concedida pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, calquera alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión poderá dar lugar á modificación do convenio, nos termos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da súa aplicación.
3. De conformidade co disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, o concello beneficiario deberá presentar a solicitude de modificación da subvención cunha antelación mínima dun mes respecto da data fixada neste convenio para a finalización do prazo de execución das actuacións afectadas pola modificación.

   A solicitude de modificación deberá ir acompañada da seguinte documentación:

   a) Memoria xustificativa na que se acredite que a modificación non desvirtúa o proxecto subvencionado, non implica unha execución deficiente ou incompleta das actuacións e permite cumprir o obxectivo que fundamentou a concesión da subvención.

   b) Orzamento ou proxecto modificado.

   c) Relación e identificación concreta dos cambios introducidos, mediante un cadro comparativo.

   A modificación deberá respectar o obxecto da subvención e as actuacións subvencionadas e non poderá dar lugar a actuacións deficientes ou incompletas.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: cr3AKMyXoFj7 https://sede.xunta.gal/cve

Décimo cuarta. Facultades de inspección

Sen prexuízo do previsto na cláusula sétima respecto da comprobación material do investimento, de conformidade co disposto no artigo 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través dos seus servizos técnicos, poderá realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias para verificar o cumprimento das condicións e obrigas establecidas para a concesión e execución da subvención.

Décimo quinta. Seguimento do convenio

1. Para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio, así como para resolver as dúbidas de interpretación que poidan xurdir na súa aplicación, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por dúas persoas representantes da Dirección Xeral de Administración Local e dúas persoas representantes do concello, que se rexerá polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro.
2. A presidencia da comisión corresponderá á persoa representante da Dirección Xeral de Administración Local de maior xerarquía que forme parte desta. A secretaría será desempeñada por unha das persoas representantes da citada Dirección Xeral que teña a condición de funcionaria.
3. Os acordos adoptaranse por maioría simple das persoas asistentes. En caso de empate, corresponderá á persoa que exerza a presidencia dirimir o empate mediante o seu voto de calidade.
4. Sen prexuízo do anterior, a comisión poderá establecer as súas propias normas de funcionamento e reunirase cando o solicite algunha das partes.
5. Corresponderán á comisión as seguintes funcións:
   - Interpretación do convenio
   - Intervención previa á resolución do convenio por incumprimento
   - Proposta, de ser o caso, de addendas
   - Resolución das cuestións que lle formulen os membros da comisión en relación coa aplicación do convenio
   - Calquera outra función relacionada co desenvolvemento deste convenio

Décimo sexta. Causas de resolución

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por concorrer algunha das causas de resolución previstas neste convenio ou na normativa de aplicación.
2. Son causas de resolución:
   a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que regulan este convenio.
   b) O transcurso do prazo fixado neste convenio ou ampliado mediante addenda sen que se executen ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención.
   c) O acordo unánime das partes asinantes.
   d) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
   e) Calquera outra causa prevista nas leis.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: cr3AKMyXoFj7 https://sede.xunta.gal/cve

Décimo sétima. Vixencia do convenio

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de xaneiro de 2027.

Décimo oitava. Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da Comisión de Seguimento, pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes; as partes quedarán suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Décimo novena. Publicidade do convenio

1. As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.
2. En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Vixésima. Protección de datos

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

Vixésimo primeira. Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e demais normativa de aplicación.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, as partes comparecentes asinan na data consignada na sinatura electrónica.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes	O alcalde do Concello de Lobeira
Diego Calvo Pouso	Antonio Iglesias Álvarez

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: cr3AKMyXoFj7 https://sede.xunta.gal/cve

Anexo I. Orzamento do proxecto

1. Orzamento das obras

CANTIDAD (ud)	DESCRIPCIÓN UNIDAD DE OBRA	PRECIO UD. (€)	IMPORTE (€)
	1.- ud. ALG, modelo VIAL STRADA 35W 40K. 4000K.		
84	Suministro y colocación de conjunto luminoso formado por luminaria LED marca ALG (Antonio López Garrido, S.A.), modelo VIAS STRADA o equivalente, de 35W 40K con cuerpo de fundición de aluminio y protector de bloque óptico de vidrio templado. Cuenta con protección contra sobreintensidades de 10kv. Elevada eficiencia. Mayor vida útil (50.000h). No regulable. Protección IP67 y Clase Energética A+. Bloque óptico con 16 LED Fuente de alimentación con potencia hasta 35 W y regulación programable mediante NFC con aplicación móvil. Tensión de seguridad para salida bloque óptico <60V. Rango de tensión de entrada 90-305 V. Certificados IDEA y certificados ISO 9001, ISO 14001, ISOS 45001, ISO 27001, ISO 5001 del fabricante acreditados por ENAC obligatorios. Estos proyectores LED cumplen con las siguientes normativas europeas: • Low Voltage Directive 2014/35/EU • EMC Directive 2014/30/EU • RoHS Directive 2011/65/EU Conexionado a caja de derivación con bases de fusibles, cortocircuitos de fusible y regletas de conexión. Incluso, desmontaje de luminaria existente y traslado a almacenes municipales.	297,00	24.948,00
	CUADROS DE MANDO		
3	Cuadros de mando para iluminación pública, para 3 salidas de iluminación, formados por un armario de poliester reforzado con fibra de vidrio IP-55 CLAVED ARKO75 ZC34312, o equivalente con dos compartimentos independientes, uno de ellos equipado para módulo de protección y medida para suministro trifásico inferior a 63 A con puerta independiente y cierre con llave homologado por la compañía distribuidora, y un módulo para paramenta de maniobra con puerta independiente y llave normalizada. Se incluye la legalización de la instalación.	2.275,00	6.825,00
	P.A. CARGA Y TRANSPORTE DE RESIDUOS		
1	Carga y transporte de residuos sólidos generados por las obras hasta planta autorizada para le recepción de RSC, incluyendo canon de vertedero, en cumplimiento del Artículo 4 del Real Decreto 105/2008 del 1 de febrero, por el que se regula la producción y gestión de residuos de la construcción.	1.837,00	1.837,00
		TOTAL MATERIAL	**33.610,00**

TOTAL DE EJECUCION MATERIAL	33.610,00 €
13% Gastos generales	4.369,30 €
6% Beneficio industrial	2.016,60 €
PRESUPUESTO DE CONTRATA SIN IVA	**39.995,90 €**
IVA 21%	8.399,14 €
PRESUPUESTO BASE DE LICITACION	**48.395,04 €**

As copias en papel deste documento terán a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: cr3AKMyXoFj7 https://sede.xunta.gal/cve


2. Orzamento do vehículo

Modelo de interés	**Townstar Furgón 2 plazas L1 (1t) 45kWh - 90kW (120CV) Comfort [TWF29KA1C--R8ONG1]**	**35.850,00 €**
	Nissan Assistance:	30,00 €
Opciones	Carga rápida	750,00 €
Pintura	Blanco Mineral Sólido / Textil Gris	0,00 €
Oferta Promocional	[+] Nissan Connect Services gratuitos los primeros 3 años (In-car Wifi excluido)	0,00 €
Oferta Promocional	[029871] Flotas Core Descuento Programa Auto+ 34,5% dto.	-12.627,00 €
Transporte		335,00 €
Otros		-1.434,00 €
Otros	Matriculación y preentega	634,00 €
Base		**23.538,00 €**
Sub total base imponible por 1 Unidades		**23.538,00 €**
Impuesto	Exento 100%	0,00 €
IVA	IVA Normal (21%)	4.942,98 €
Precio Total con impuestos Grupo 1 :		**28.480,98 €**
Efectivo		
Precio final		**28.480,98 €**


As copias en papel deste documento terán a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: cr3AKMyXoFj7 https://sede.xunta.gal/cve

Anexo II. Medidas de publicidade

1. Cartel de obra



DIMENSIÓNS DO CARTEL DE OBRA



OBSERVACIÓNS

Cores

As cores correspondentes á Xunta de Galicia serán as definidas na imaxe corporativa.


Instrucións para o cartel

O escudo e o nome do concello non ocuparán un tamaño superior ao logotipo da Xunta de Galicia e irán situados no ángulo inferior esquerdo do cartel.

Se o proxecto inclúe actuacións en varios lugares, deberán colocarse respectivos carteis informativos en todos os lugares en que as actuacións se desenvolvan.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: cr3AKMyXoFj7 https://sede.xunta.gal/cve

2. Rotulación do vehículo



COLOCACIÓN DO RÓTULO:

- Vehículos todoterreos, camións ou similares, a rotulación colocarase na zona baixa dos laterais dos vehículos en dirección de cara adiante, entre os dous pases de roda.
- Vehículos especiais (rozadoiras, tractores ou similares), a rotulación situarase nunha zona visible do vehículo.

CORES:

- As cores correspondentes á Xunta de Galicia serán as definidas na imaxe corporativa.

INSTRUCIÓNS PARA O RÓTULO:

- O escudo e o nome do concello non serán de tamaño superior ao da Xunta de Galicia
- O tamaño do rótulo será proporcionado ao tamaño do vehículo.
- Medidas orientativas: 65 cm x 45 cm

Asinado por: CALVO POUSO, DIEGO
Cargo: Conselleiro
Data e hora: 01/09/2026 13:55:38

Asinado por: IGLESIAS ALVAREZ, ANTONIO
Cargo: Alcalde (Lobeira)
Data e hora: 01/09/2026 10:48:31

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: cr3AKMyXoFj7 https://sede.xunta.gal/cve